Cáritas
Diocesana de Lugo








# Memoria 2010

# índice


Saúdo do Director 3
Que é Cáritas Diocesana de Lugo 5
Programas Diocesanos 7
- Acollida e Asistencia a Marxinados 8
- Discapacitados 10
- Emprego 12
- Familias 14
- Infancia 16
- Inmigrantes 18
- Maiores 20
- Muller 22
- Voluntariado 24

Servizos 29
Balance Económico 35

## Saúdo do Director



Ante os seus ollos ten a memoria de Cáritas Diocesana de Lugo.

Como a palabra o di, a memoria é a lembranza, e o noso afán é compartir con vostedes o resultado do traballo que realizamos ó longo do ano 2010; os nosos proxectos, traballos e esforzos sempre realizados co desexo de servir ós nosos semellantes necesitados.

Na realización do servizo caritativo cos nosos necesitados irmáns, sempre tivemos en mente e corazón un profundo sentimento de gratitude a todas as persoas e entidades que, dalgunha maneira ou doutra, aportan a súa contribución para que nosoutros levemos a cabo a nosa labor, a todo ó longo e ancho da Diocese de Lugo.

Expresamos a todos eles a nosa inmensa gratitude.

O noso desexo nesta fermosa tarefa, reflexo do noso ser e do noso comportamento como cristiáns, é e será sempre seguir contando con todos vostedes, socios, donantes, voluntarios, empresas e entidades; conscientes de que todo o realizamos en nome de todos vostedes e o facemos con amor, entrega e gratitude.

Detrás de cada acción caritativa sempre hai persoas, unha familia e unha historia: unha vida, en resume, chea de situación inxustas e de carencias.

Quen temos o privilexio de traballar en Cáritas, sentímonos obrigados a poñer todas as nosas capacidades ó servizo dos nosos semellantes máis necesitados; sempre co espírito Cristián e con afán supremo de servir e axudar.

A todos, con agradecemento e afecto, en nome da entidade, saúdaos.

Ginés E. Plaza Fernández
Director de Cáritas Diocesana de Lugo






## Que é Caritas Diocesana de Lugo

Cáritas Diocesana de Lugo é a presenza institucional da nosa Igrexa Diocesana que quere comprometerse coas realidades de pobreza e exclusión social de Lugo.

O servizo ós nosos irmáns necesitados céntrase na acollida, nun acompañamento persoal desde a situación de cada un e no esforzo pola súa integración social. Pero máis aló deste traballo tamén se desenvolven outras funcións propias da nosa identidade:

• Difundir o espírito de caridade evanxélica e xustiza social, procurando formar a conciencia dos cristiáns de maneira individual e comunitaria, conforme ás orientacións da doutrina social da Igrexa.

• Estudar os problemas que provoca a pobreza na Diocese, investigar as súas causas e promover, animar e urxir solucións conformes á dignidade da persoa humana e ás esixencias da xustiza social.

• Coordinar e promover a acción das Cáritas Parroquiais, Interparroquiais e Arciprestais ou Zonais e das Asociacións e Institucións de acción caritativa e social federadas e promover a comunicación cristiá de bens entre elas, procurando así que a Igrexa dea un testemuño comunitario de unidade e caridade.

• Coordinar e promover iniciativas, tanto privadas como públicas, a fin de atopar unha solución ós problemas dos necesitados, e cooperar, na medida en que sexa posible e axeitado, cos organismos provinciais, autonómicos, nacionais e internacionais de asistencia e acción social, así como coas entidades de acción caritativa doutras confesións relixiosas.

• Cáritas Diocesana de Lugo, como verás ó longo desta memoria, ten unha serie de programas de intervención social que buscan a promoción, integración e inclusión das persoas e grupos en situación de exclusión social. Persoas inmigrantes, nenos, mozos, mulleres, familias, maiores, persoas con discapacidade, parados, son os grupos de persoas ós que Cáritas dirixe a súa acción. Todo isto grazas á colaboración de moitas persoas donantes, voluntarios, traballadores, que co seu esforzo e xenerosidade dan vida ás palabras:

Tuve hambre y me disteis de comer; tuve sed y me disteis de beber; fui forastero y me recogisteis; estuve desnudo y me vestisteis, enfermo y en la cárcel y vinisteis a verme(Mt. 25, 35-36)


Acollida Discapacitados Emprego
Familias Infancia Inmigrantes Maiores
Muller Voluntariado Comedor Roupeiro



EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO

2 técnicos a media xornada, un coordinador do grupo de voluntarios que realizan a acollida na diocese e 143 voluntarios.

PERSOAS ATENDIDAS

Servizos Xerais: 42
Roupeiro Diocesano: Directos: 687; Indirectos: 1374
Cáritas Parroquiais e Interparroquiais: Directos: 209; Indirectos: 525





## Acollida e Asistencia a Marxinados

A experiencia cotiá de Cáritas Diocesana de Lugo confírmanos que son cada vez máis as persoas pobres, marxinadas e finalmente excluídas por diversas razón (situación económica con características de permanencia, situación persoal de deterioro psicosomático, situacións persoais ou familiares conxunturais de necesidade, desemprego…, e as súas consecuencias: rupturas familiares ou matrimoniais, alcoholismo, drogadicción etc.).

Na certeza de que non podemos permanecer á marxe das solucións que esixen actualmente as persoas que sofren estas carencias, traballaremos de maneira integral, abordando as diferentes áreas: Económica, Organización do Fogar, Educativa, Vivenda, Saúde, Laboral, Xurídico-Legal, Relacións Familiares, Relacións sociais e Ocio e Tempo Libre.

Obxectivos:

- Ofrecer un espazo de acollida onde detectar as necesidades e potencialidades de cara á intervención con ela.
- Buscar conxuntamente os medios para poder dar resposta ás necesidades básicas: aloxamento, manutención e apoio social.
- Incidir no desenvolvemento do proceso programado de rehabilitación persoal, promovendo a autoestima e autonomía persoal, recuperando hábitos, promovendo habilidades sociais: coidado do seu aspecto.
- Facilitar a inserción socio-laboral mediante estratexias rehabilitadoras ocupacionais e laborais en colaboración co Servizo de Emprego de Cáritas Diocesana.
- Realizar un seguimento personalizado, grupal e comunitario.
- Fomentar a coordinación con outras institucións e coas administracións públicas.
- Posibilitar encontros de formación e animación entre todos os animadores implicados no programa.
- Coñecer os recursos existentes na comunidade.
- Buscar fontes de financiamento.
- Estar atentos a todas as chamadas desde as parroquias e as Cáritas Parroquiais.
- Sensibilizar en: Parroquias e Cáritas Parroquiais e na Comunidade en Xeral.





## Discapacitados

O noso traballo

É un servizo de atención integral a persoas con discapacidade, defínese como unha acción de promoción da calidade de vida sen ter que abandonar o seu medio.

Obxectivos

Mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade no seu propio medio, potenciando con recursos humanos e materiais a súa autonomía e o seu papel na comunidade e respondendo a todas as súas necesidades.

Actividades

Atención no enderezo:

Ordinaria: está constituído por uns servizos nos que prevalece a periodicidade e a regularidade na prestación e que pode ter unha duración de ata dúas horas ou excepcionalmente algo máis.

Asistemática: constituída por servizos en función do momento con factores de discontinuidade e carentes de día e hora, por exemplo: acompañar para visita médica, recollida de receitas, retirada de fondos en entidade financeira para atencións persoais…

Extraordinaria: vén determinada por situacións especiais, non cotiás, como enfermidade, estancia en hospital, accidente…

| EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO | PERSOAS ATENDIDAS |
| --- | --- |
| 1 Traballador<br>2 Voluntarios | 24 persoas |



Actividade formativa: "Operarios de carretilla". Programa operativo plurirrexional de loita contra a discriminación 2007-2012 – ano 2010. Fondo social europeo.

EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO

*Persoal: 1 traballador a xornada completa
1 voluntario
*Persoal externo: Docentes de cursos de formación

PERSOAS ATENDIDAS

* Acollida, Información, Orientación e Intermediación:
333 persoas (total persoas atendidas no Programa de Emprego).
* Información básica: 74 persoas
* Formación: 77 persoas





# Emprego

"A dignidade da persoa, as esixencias da xustiza e a mesma razón económica e social esixen que se busque como prioridade que todos teñan acceso ó traballo e o manteñan" (Benedicto XVI).

O Programa de Emprego é un servizo que apoia a inserción sociolaboral de grupos vulnerables e desfavorecidos, excluídos ou en risco de exclusión social, a través da acollida, a formación e a intermediación laboral.
Maioritariamente as nosas acción van dirixidas ós seguintes colectivos: mulleres, mozos procedentes do fracaso escolar, inmigrantes, parados de longa duración e empregadas de fogar en situación de precariedade laboral.
O Programa de Emprego levou ó longo do ano 2010 os seguintes proxectos: (1) "Emprego Cáritas Diocesana de Lugo" no marco do Programa Operativo de Loita Contra a Discriminación 2007-2013, (2) "Programa de accións formativas encamiñado a mellorar a empregabilidade da poboación inmigrante" no marco do Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Emigración e Cáritas Diocesana de Lugo para actuacións formativas de emprego, (3) "Actividade formativa. Atención ás familias no fogar" dentro do Programa de axudas de emerxencia social para familias - Fundación Pedro Barrié de la Maza.
Así, no ano 2010 realizáronse as seguintes actividades:

- Información:
  - "Punto de información Laboral".
- Orientación laboral:
  - "Acollida, acompañamento e seguimento". (1)
  - "Informática básica para a busca de emprego Lugo 1". (1)
  - "Informática básica para a busca de emprego Sarria". (1)
  - "Informática básica para a busca de emprego Monforte". (1)
  - "Informática básica para a busca de emprego". (2)
  - "Informática básica para a busca de emprego". (2)
- Formación:
  - "Servizo de atención ás familias no fogar". (1)
  - "Operarios de carretilla". (1)
  - "Servizo de atención ás familias no fogar Lugo". (2)
  - "Servizo de atención ás familias no fogar Monforte". (2)
  - "Auxiliares de hostalería. Axudantes de camareiro". (2)
  - "Servizo de atención ás familias no fogar". (3)
- Intermediación laboral.
  - "Bolsa de emprego"
- Coordinación entre entidades.
- "Creación da Rede TIL (Técnicos de Inserción Laboral de Lugo)



EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO

Dous técnicos medios a media xornada e 9 voluntarios.

PERSOAS ATENDIDAS

58 familias que fan un total de 190 persoas





## Familias en desvantaxe

Esta acción vai dirixida a grupos familiares fortemente marxinados e excluídos co obxectivo de mellorar o funcionamento persoal, familiar e social, establecendo estratexias que favorezan a rehabilitación e inserción.
Mediante entrevistas personalizadas periódicas e visitas a domicilio establécese con cada familia un plan de traballo, o cal se vai operativizando co acompañamento, seguimento e avaliación que executa o equipo formado polo persoal contratado e os voluntarios.
As familias destinatarias desta acción son, na súa maioría, familias monoparentais con fillos menores con graves carencias económicas, con graves problemas de enfermidade (alcohol, drogas, etc...) carentes de emprego estable, que non están recibindo o mesmo tipo de atención por parte doutras institucións.

Obxectivos:

- Ofrecer un espazo de acollida onde detectar as necesidades e potencialidades de cara á intervención con ela.
- Buscar conxuntamente os medios para poder dar resposta ás necesidades básicas: aloxamento, manutención e apoio social.
- Incidir no desenvolvemento do proceso programado de rehabilitación persoal, promovendo a autoestima e autonomía persoal, recuperando hábitos, promovendo habilidades sociais: coidado do seu aspecto...
- Incentivar ós pais, facilitándolles medios materiais e persoais para a intervención no proceso educativo dos seus fillos.
- Reducir o fracaso e os problemas escolares de nenos/as e mozos/as mediante actividades educativas.
- Facilitar a inserción socio-laboral mediante estratexias rehabilitadoras ocupacionais e laborais.
- Realizar un seguimento personalizado, grupal e comunitario.
- Fomentar a coordinación con outras institucións e coas administracións públicas.
- Posibilitar encontros de formación e animación entre todos os animadores implicados no programa.
- Implicar á comunidade
- Acompañar ós equipos parroquiais no seu traballo con Familias.
- Estar a disposición das distintas demandas que nos fagan os equipos parroquiais da Diocese.

Luz Darriba



EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO

1 traballadora
36 persoas voluntarias

PERSOAS ATENDIDAS

457 persoas





## Infancia

O noso traballo

A través da organización das actividades de educación no tempo libre conseguimos coñecer a realidade, a problemática dos nenos e xóvenes nas localidades que traballamos, e así poder dar unha resposta eficaz en mediación, resolución de conflictos, integración e mellora do rendemento escolar .

Actividades

- Recollida e difusión de información xuvenil.
- Participación en Campañas e Xornadas de sensibilización.
- Campaña educativa do día de Caridade
- Formación Básica Voluntariado
- Día Internacional da Infancia
- Reunións periódicas do equipo de voluntarios para formación, programación e execución das actividades con nenos e adolescentes
- Organización Curso de Monitores
- Titorización prácticas Curso de Monitores
- Realización de Campamento Urbano e Acampada multiaventura nos meses de verán.
- Actividades de lecer e tempo libre en nadal e entroido.
- Obradoiros de resolución conflictos, mediación e sexualidade

Obxectivos

- Optimizar os recursos humáns da Diócese no seu traballo con nenos e adolescentes.
- Animar á dinamización do barrio dende a participación dos nenos en actividades de educación non formal que impliquen aos adultos.
- Favorecer o crecemento persoal e social de nenos e adolescentes da Diócese de Lugo, mediante actividades que faciliten o desenvolvemento de hábitos, actitudes e destrezas favorecedoras del desenvolvemento integral da persona, implicando e animando a participación e colaboración entre educadores (pais, monitores, mestres, …).



EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO

2 persoas contratables (1 en Lugo, 1 en Monforte)
1 avogada en arrendamento de servizo
5 voluntarios

PERSOAS ATENDIDAS

Participantes directos: 400
Participantes indirectos: 1.060





## Inmigrantes

"Aprendemos a voar coma os paxaros, a nadar coma os peixes, pero non aprendemos o sinxelo arte de vivir xuntos coma irmáns".
(Martin Luther King)

O noso facer

Ante o impacto da crise nas persoas inmigrantes, que provoca desemprego, precarización e explotación laboral, así como graves dificultades para facer fronte ó pagamento dos gastos de vivenda (entre outros), intentamos aliviar estes afectos proporcionando soporte e axuda para que poidan seguir desenvolvendo o seu proxecto vital e familiar entre nós.
Desde Cáritas este facer esíxenos ser acolledores, ser respectuosos coas lexítimas diferenzas, ser dialogantes, xenerosos.
En definitiva, ser persoas capaces de relacións fraternas.

Accións

- Acollida coma espazo aberto a todas as persoas onde se establece unha comunicación cercana e pesonalizada.
- Axuda económica para a cobertura de necesidades básicas e emerxencias
- Información, orientacióne asesoramento xurídico.
- Apoio educativo-escolar
- Traballo en rede



| EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO | PERSOAS ATENDIDAS |
| --- | --- |
| 2 Trabajadores<br>6 voluntarios | 124 Personas |





## Maiores

O noso traballo

É un servizo de atención integral ás persoas maiores de 65 anos no medio rural, defínese como unha acción de promoción da calidade de vida para as persoas maiores, sen ter que abandonar o seu medio.
A maioría dos servizos que se prestan están localizados en Antas de Ulla, Becerreá, Cervantes, Navia, Ribas do Sil, Quiroga e Caurel.

Obxectivos:

Mellorar a calidade de vida dos maiores en situación de dependencia no seu propio medio, potenciando con recursos humanos e materiais a súa autonomía e o seu papel na comunidade e respondendo a todas as súas necesidades. Realizar a acción preferentemente con persoas maiores, que viven nas aldeas onde non chegan outros servizos de atención a maiores.

Actividades:

<u>Atención no domicilio:</u>
Ordinaria: está constituído por uns servizos nos que prevalece a periodicidade e a regularidade na prestación e que pode ter unha duración de ata dúas horas ou excepcionalmente algo máis.
Asistemática: constituída por servizos en función do momento con factores de discontinuidade e carentes de día e hora, por exemplo: acompañar para visita médica, recollida de receitas, retirada de fondos en entidade financeira para atencións persoais...
Extraordinaria: vén determinada por situacións especiais, no cotiás, como enfermidade, estancia en hospital, accidente.

<u>Acollida familiar:</u>
Promover a acollida en familias de maiores que están sós.



EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO

2 TRABALLADORES
6 VOLUNTARIOS

PERSOAS ATENDIDAS

80 PERSOAS ( mulleres e menores )





## Muller

O noso traballo:
Programa dirixido á atención, información e asesoramento das mulleres que exercen a prostitución, a exerceron, ou están en risco de caer no exercicio da mesma.
A idea do proxecto xurde a partir do coñecemento das situacións de extrema necesidade que se viven na chamada "rinconada" do Miño, identificado como barrio chino de Lugo, coa idea de evitar a cronificación da pobreza e a exclusión social das mulleres, intentando establecer un seguimento personalizado e pormenorizado da persoa e a súa situación e unha planificación do traballo co fin de establecer canais de integración social e laboral para este grupo de persoas.
No noso traballo atopámonos con dificultades como: baixa autoestima das mulleres, maltrato

Actividades:
Coñecemento da realidade a través do contacto permanente con outras institucións que actúan no mesmo ámbito, así como a través de documentación bibliográfica e contacto directo co medio e as persoas.
Entrevistas semanais coas mulleres e a súa contorna familiar, visitas periódicas ó domicilio.
Elaboración de plans de intervención personalizados que recollen as múltiples dimensións da persoa e revisión periódica dos mesmos.
Contactos de colaboración con outros profesionais, formación no domicilio, alfabetización de adultos/as, reforzo escolar facilitando medios persoais e materiais.
Actividades de grupo (costura, cociña, manualidades), charlas formativas, reunións periódicas do equipo e cos voluntarios.
Apoio a necesidades básicas e de emerxencia.

Obxectivos:
Mellorar a calidade de vida integral das mulleres, atendendo a todas as súas necesidades, iniciando na Diocese con cada muller e a súa familia un proceso de desenvolvemento persoal e comunitario.
Establecer unha atención directa e personalizada, acollendo, valorando e apoiando o seu proceso de inserción, tendo en conta as dificultades de saúde, malos tratos, explotación...
Potenciar as capacidades e posibilidades da cada muller para que acade autonomía persoal.
Fomentar a participación das mulleres nas actividades que se ofertan na comunidade.
Fomentar a coordinación con outros servizos e institucións, de maneira que as mulleres reciban unha atención integral e integrada.
Consolidar, cohesionar e dotar de medios ó equipo animador deste servizo.
Sensibilizar á comunidade sobre a situación das mulleres.




EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO

1 COORDINADOR,
EQUIPO DE TÉCNICOS DE CÁRITAS DIOCESANA DE LUGO
396 VOLUNTARIOS





## Voluntariado

Son numerosas as parroquias que están realizando accións (sobre todo de atención primaria), de axuda ós necesitados. Supón isto unha realidade e unha potencialidade de voluntariado dificilmente comparable co de ningunha outra asociación.

Os principais problemas que atopamos:

1. A intervención da administración, como xa é sabido, non pode abarcalo todo e na nosa realidade menos, debido á diseminación, carencia de infraestruturas e ruralidade. A actuación de persoas voluntarias é un punto de partida insustituible para despregar unha acción social.
2. Gran soidade e illamento de cada un dos axentes voluntarios.
3. Falta de formación nos novos parámetros do traballo social.

A dispersión das parroquias na Diocese de Lugo dificulta a tarefa de formación, animación e coordinación das persoas e grupos que están levando a cabo accións cos colectivos máis desfavorecidos.

O noso proxecto intenta fortalecer as redes de voluntariado social tomando como eixes de traballo o territorio (eminentemente rural), a formación e o acompañamento na acción.
Propoñémonos consolidar dous momentos fundamentais de formación: a formación básica, onde o voluntario descobre a súa propia identidade, a metodoloxía na intervención social e a formación específica (principalmente na infancia e xuventude, muller, familia, inmigrantes, maiores, minusválidos), que capacitará axeitadamente para realizar en equipo a planificación, execución e avaliación da acción social concreta na que estea implicado.
Xunto á formación máis académica entendemos que é básica a labor de acompañamento ós voluntarios desde a mesma acción que eles realizan. Este acompañamento require por parte do equipo responsable de levar adiante o proxecto o coñecemento e asesoramento tanto persoal como grupal de cada unha das accións en que os devanditos voluntarios están colaborando. Este proceso permanente de formación desde a acción constitúe o eixe principal deste programa a partir do cal se van deseñando accións formativas concretas.

Obxectivo xeral:

Optimización do gran recurso humano que está traballando en contra da pobreza desde Cáritas Diocesana de Lugo.

Obxectivos específicos:

1. Obter unha visión o máis ampla posible do traballo diocesano en diálogo cos distintos grupos parroquiais e equipos de proxectos específicos no que se aborden os éxitos do traballo realizado, así como as carencias e problemas (ó redor de actividades, formación, organización, coordinación, financiamento...)
2. Continuar formando en contidos básicos e específicos.
3. Consolidar os canais institucionais de formación permanente dos voluntarios e os equipos.
4. Realización de campañas específicas de sensibilización.
5. Converter a acción en elemento esencial de formación mediante a súa comunicación, revisión e coordinación con outros grupos diocesanos.

Actuacións realizadas

- Atención permanente en calquera chamada que desde os distintos grupos da diocese se nos faga.

De 01/01/2010 a 31/12/2010.
- Actividades sensibilización: Campaña día de caridade

Mayo 2010- junio 2010.
- Reunións mensuais da comisión de formación para deseño e seguimento de toda a acción.

De 01/01/2010 a 31/12/2010.
- Reunións de formación coas parroquias da zona urbana de Lugo:

Parroquia da Milagrosa, 4.
Parroquia de Santiago a Nova, 5.
S. Francisco Javier, 4.
S. Pedro, 7.
S. Antonio de Padua, 5.
S. Lorenzo de Albeiros, 3.
S. Froilán, 5.
Sagrado Corazón, 4.



De 01/01/2010 a 31/12/2010.
- Reunións cos equipos que están traballando na Cáritas Interparroquial de Monforte.

Febreiro-maio-agosto-novembro 2010.
- Reunións de formación cos equipos que están traballando na Cáritas Interparroquial de Sarria.

Febreiro-maio-outubro 2010.
- Reunións informativas cos grupos que traballan nas parroquias de PALAS DE REI, LALÍN, SAN CLODIO.

Abril de 2010. ANTAS DE ULLA.
- 3 reunións de formación co grupo que traballa na zona.

Febreiro-maio.
- Animación e organización para a participación do noso voluntariado no III encontro de voluntariado das cinco Cáritas Galegas.

5 de xuño de 2010
- 2 xornadas de formación en Santiago de Compostela.

20 de febreiro, 12 de abril
- Realización de 4 reunións en Santiago cos responsables das Cáritas Diocesanas galegas
- Reunións de coordinación e preparación de xornadas de formación en Santiago de Compostela
- Reunións bimensuais, de organización e planificación de actividades, coa rede de voluntariado lucense
- Realización de actividades de maneira conxunta e en rede con outras entidades de Lugo con motivo do día mundial do voluntariado.
- Reunións bimensuais cos movementos de Pastoral Seglar da Diocese.
- Encontros diocesanos para traballos específicos con algún dos grupos que traballan na Diocese.

3-03-2010, 9-03-2010, 6-05-2010, 29-06-2010, 15-07-2010, 21-09-2010
- 20-12-2010. Asemblea da Cáritas Diocesana, Reunión en Santiago para a presentación do programa social da Xunta de Galicia.
- 12-03-2010

# Servizos



EQUIPO QUE ANIMA E REALIZA ESTE SERVIZO

2 traballadores
2 voluntarias relixiosas
4 persoas voluntarias

COMIDAS SERVIDAS NO ANO 2010

38.000





## Comedor San Froilán

O noso traballo
Este servizo nace como un compromiso de toda a comunidade diocesana con motivo do Xubileu do ano 2000.
É un exercicio solidario que pretende compartir cos irmáns "o noso pan de cada día". E é a Diocese a que ofrece, a través desta iniciativa, unha resposta ás persoas máis desfavorecidas ós últimos.

Actividades
Servizo de comedor: funciona diariamente de 12:30 a 13:30
Servizo de comida a domicilio: para aquelas persoas ou familias que por diversas razóns non poden facelo no comedor.

Obxectivos
Comprometernos desde a esixencia da fe a socorrer a necesidade máis básica dos nosos irmáns máis necesitados.

Equipo que anima e realiza este servizo

## As nosas contas

As persoas

A actuación de Cáritas Diocesana de Lugo non sería posible sen o compromiso de moitos homes e mulleres que se empeñan en mellorar as condicións das persoas que peor o están pasando na nosa contorna, e desde aí comprometerse na construción dunha sociedade máis xusta, digna e igualitaria para todos.

Son os nosos voluntarios e traballadores, os nosos socios e donantes, quen día a día, desde a súa xenerosidade, compromiso e traballo, fixeron posible toda a realidade de traballo que aparece nesta memoria.

A todos eles GRAZAS

Os recursos económicos
Xunto coas persoas, para realizar as actividades, contamos con recursos económicos que podemos clasificar segundo a súa procedencia económica en:

Doazóns voluntarias: 25%

Corresponden ás achegas que proceden das colectas das parroquias, das cotas dos socios e dos donativos de persoas particulares

Administracións Públicas: 65%

Aquí incluímos os ingresos por subvencións.

Ingresos de Entidades Privadas: 10%

Son subvencións de obras sociais que colaboran con determinados proxectos.

Seguimos necesitando o teu compromiso e colaboración
para continuar a tarefa que estamos desenvolvendo.

# Balance Económico

## Ingresos

| | |
|---|---|
| DONATIVOS- SOCIOS | 0,74 € |
| XUNTA | 182.729,03 € |
| MINISTERIOS | 342.656,01 € |
| FONDO SOCIAL EUROPEO | 38.112,10 € |
| CÁRITAS ESPAÑOLA | 2.000,00 € |
| DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO | 20.000,00 € |
| CONCELLO DE LUGO | 8.000,00 € |
| IBERCAJA | 10.000,00 € |
| OBRA SOCIAL NOVACAIXAGALICIA | 26.036,90 € |
| FUNDACIÓN BARRIE | 60.000,00 € |
| Ingresos Totais | 941.714,78 € |

## Gastos

| | |
|---|---|
| XERAL | 108.609,45 € |
| FAMILIAS | 64.979,49 € |
| ACOLLIDA | 120.536,26 € |
| MAIORES | 130.864,41 € |
| INFANCIA | 56.040,41 € |
| DISCAPACITADOS | 55.377,21 € |
| INMIGRANTES | 124.073,75 € |
| MULLER | 73.392,52 € |
| VOLUNTARIADO | 56.173,42 € |
| EMPREGO | 87.940,13 € |
| COMEDOR | 63.727,65 € |
| Gastos Totais | 941.714,78 € |








## Ingresos

| | | | |
|---|---|---|---|
| XERAL | XUNTA GALICIA | | 48.557,09 € |
| | DONATIVOS- SOCIOS | | 58.052,36 € |
| | CARITAS ESPAÑOLA | | 2.000,00 € |
| | | TOTAL | 108.609,45 € |
| FAMILIAS | IRPF | | 12.981,60 € |
| | XUNTA GALICIA | | 30.639,47 € |
| | DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO | | 2.420,00 € |
| | FUNDACION PEDRO BARRIE | | 6.802,56 € |
| | DONATIVOS | | 12.135,86 € |
| | | TOTAL | 64.979,49 € |
| ACOLLIDA | OBRA SOCIAL NOVACAIXAGALICIA | | 26.036,90 € |
| | IRPF | | 30.000,00 € |
| | CONCELLO DE LUGO | | 2.906,71 € |
| | DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO | | 2.980,00 € |
| | FUNDACIÓN BARRIE | | 45.886,41 € |
| | DONATIVOS | | 12.726,24 € |
| | | TOTAL | 120.536,26 € |

| | | | |
|---|---|---|---|
| MAIORES | IRPF | | 95.000,00 € |
| | IBERCAJA | | 10.000,00 € |
| | XUNTA DE GALICIA | | 3.000,00 € |
| | DONATIVOS | | 22.864,41 € |
| | | TOTAL | 130.864,41 € |
| INFANCIA | IRPF | | 51.749,08 € |
| | XUNTA DE GALICIA | | 3.000,00 € |
| | DONATIVOS | | 1.291,33 € |
| | | TOTAL | 56.040,41 € |
| INMIGRANTES | IRPF | | 30.865,33 € |
| | XUNTA GALICIA | | 17.532,47 € |
| | CONCELLO DE LUGO | | 5.093,29 € |
| | DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO | | 14.600 € |
| | CAJA MADRID | | 5.404,83 € |
| | DONATIVOS | | 50.577,83 € |
| | | TOTAL | 124.073,75€ € |
| MULLER | IRPF | | 18.260,00 € |
| | XUNTA GALICIA | | 40.000,00 € |
| | MINISTERIO DE IGUALDAD | | 11.800,00 € |
| | DONATIVOS | | 3.332,53 € |
| | | TOTAL | 73.392,53 € |





| | | | |
|---|---|---|---|
| VOLUNTARIADO | IRPF | | 51.000,00 € |
| | DONATIVOS | | 5.173,42 € |
| | | TOTAL | 56.173,42 € |
| EMPREGO | FUNDACIÓN BARRIÉ | | 7.311,03 € |
| | FONDO SOCIAL EUROPEO | | 38.112,10 € |
| | XUNTA DE GALICIA | | 40.000,00 € |
| | DONATIVOS | | 9828,03 € |
| | | TOTAL | 95.251,16 € |
| COMEDOR SAN FROILAN | DONATIVOS | | 63.727,65 € |
| | | TOTAL | 63.727,65 € |
| DISCAPACITADOS | IRPF | | 41.000 € |
| | DONATIVOS | | 8066,25 € |
| | | TOTAL | 48.066,25 € |
| INGRESOS TOTALES | | | 941.714,25 € |

# índice

Saludo del Director ........ 43
Que es Cáritas Diocesana de Lugo ........ 45
Programas Diocesanos ........ 47
Acogida y Asistencia a Marginados ........ 48
Discapacitados ........ 50
Empleo ........ 52
Familias ........ 54
Infancia ........ 56
Inmigrantes ........ 58
Mayores ........ 60
Mujer ........ 62
Voluntariado ........ 64
Servicios ........ 69
Balance Económico ........ 75



## Saludo del Director

Ante sus ojos tienen  la memoria de Cáritas Diocesana  de Lugo.

Como la palabra dice , la memoria es recuerdo, y nuestro afán es compartir con ustedes el resultado del trabajo que hemos realizado a lo largo del año 2010;  nuestros proyectos,  trabajos y esfuerzos siempre realizados  con el deseo de haber servido  a nuestros semejante necesitados.

En la realización del servicio   caritativo con nuestros necesitados hermanos, siempre hemos tenido en  mente y corazón, un profundo sentimiento de gratitud a todos las personas y entidades, que de algún modo aportan su contribución para que nosotros llevemos a cabo nuestra labor, a todo lo largo y ancho de la Diócesis de Lugo.

Expresamos a todos  ellos nuestra  inmensa gratitud.

Nuestro deseo  en esta hermosa tarea,  reflejo de nuestro ser  y de nuestro comportamiento como cristianos, es y será siempre seguir contando con todos ustedes, socios , donantes, voluntarios, empresas y entidades; conscientes de que  todo  lo realizamos en nombre de todos Ustedes y lo hacemos con amor, entrega y gratitud.

Detrás  de cada  acción caritativa siempre hay personas, una familia y una historia : una vida , en resumen , llena de situaciones injustas  y de carencias.

Quienes tenemos el privilegio  de trabajar  en Cáritas, nos sentimos obligados a  poner todas nuestras capacidades , al servicio  de nuestro prójimo  más necesitado; siempre  con espíritu cristiano  y con afán supremo de servir y ayudar.

A todos, con agradecimiento  y afecto, en nombre de la entidad, les saluda

Ginés F. Plaza Fernández
Director de Cáritas Diocesana de Lugo




## Que es Caritas Diocesana de Lugo

Cáritas Diocesana de Lugo es la presencia institucional de nuestra Iglesia Diocesana que quiere comprometerse con las realidades de pobreza y exclusión social de Lugo.

El servicio a nuestros hermanos necesitados se articula en la acogida, en un acompañamiento personal desde la situación de cada uno y en el esfuerzo por su integración social. Pero más allá de este trabajo también se desarrollan otras funciones propias de nuestra identidad:

• Difundir el espíritu de caridad evangélica y justicia social, procurando formar la conciencia de los cristianos de forma individual y comunitaria, conforme a las orientaciones de la doctrina social de la iglesia.

• Estudiar los problemas que plantea la pobreza en la Diócesis, investigar sus causas y promover, animar y urgir soluciones conformes a la dignidad de la persona humana y a las exigencias de la justicia social.

• Coordinar y promover la acción de las Cáritas Parroquiales, Interparroquiales y Arciprestales o Zonales y de las Asociaciones e Instituciones de acción caritativa y social federadas y promover la comunicación cristiana de
